

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ampliación dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización das actividades recreativas durante as Festas da Guadalupe

ANTECEDENTES

Os días do 9 ao 16 de setembro de 2022 vanse a celebrar as Festas da Guadalupe en Rianxo.

Que estas celebracións populares contan cun grande arraigo, máis de 150 anos de historia, e son unhas das máis populares e recoñecidas da comarca, declaradas de interese turístico galego, e atraen a unha gran cantidade de persoas.

En aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2007 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en relación coa Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, que establece que corresponderá aos concellos a ampliación e a redución dos horarios xerais segundo o disposto no artigo 9, ao abeiro do artigo 5.f) da Lei 10/2017.

O citado artigo 9 contempla a ampliación dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas durante a celebración das festas e verbenas populares, en ata 2 horas.

Asemade, os concellos tamén teñen competencias para ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

FUNDAMENTACIÓN

Ley 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal do

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 432,304 exp. 2022/G003/000740

Concello de Rianxo abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a celebración das Festas da Guadalupe, do 9 ao 16 de setembro de 2022.

SEGUNDO

Establecer a hora de remate da verbena do venres 16, último día, debido ao seu carácter excepcional, ás 8.00 h do sábado 17 de setembro.

TERCEIRO

Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web deste Concello

CUARTO

Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Patricia Sánchez Castelo, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).